

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o nove de marzo de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:

13/131 CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN E DE ÁRIDOS RECICLADOS (LOTE 1), DE ZAHORRA (LOTE 2) E DE GRAVILLA PARA REGOS (LOTE 3) MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDEMENTO ABERTO - 2016. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. (EXP. REF. 1-2016).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 29 de xaneiro de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I. Pregos de prescricións técnicas que rexerá na contratación da subministración de árido reciclado, zahorra e gravilla para regas elaborado polo enxeñeiro municipal don Alberto Cardama Cid de data 12 de novembro de 2015.

II.- Certificacións de existencia de crédito na aplicación orzamentaria 45910.21000 do vixente orzamento xeral de 2016 por importe de 12.000 euros para o LOTE 1 (RC 1493/16), por importe de 50.000 euros para o LOTE 2 (RC 1638/16) e por importe de 50.000 euros para o LOTE 3 (RC 1639/16).


III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da subministración de referencia de data 29 de xaneiro de 2016

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995 de 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de subministración, que segundo o artigo 9 do TRLCSP serían aqueles *“que teñen por obxecto a*



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles”.

Particularmente trátase dun contrato de subministración regulado no artigo 9.3.a) da LCSP que os define como aqueles nos que o empresario se obriga a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ó tempo de celebrar o contrato por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

O obxecto do presente contrato é a adquisición por parte do Concello de Lugo de toneladas de áridos reciclados, zorra e gravilla para regas de forma sucesiva e por prezo unitario sen que contía total se defina con exactitude.

O dito artigo establece que a adxudicación destes contratos efectuarase de acordo coas normas previstas no capítulo II do título II do Libro III para os acordos marco celebrados con un único empresario.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no TRLCSP e do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP. Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP xa que **unicamente se valora o prezo**.

Terceira.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter pluriannual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN E TRANSPORTE DE ÁRIDOS RECICLADOS (LOTE 1), DE



ZAHORRA (LOTE 2) E DE GRAVILLA PARA REGOS (LOTE 3) MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDEMENTO ABERTO- 2016

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior, do seguinte teor literal:

1. “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS RECICLADOS (LOTE 1), DE ZAHORRA (LOTE 2) E DE GRAVILLA PARA REGOS (LOTE 3) MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDEMENTO ABERTO- 2016 (EXP. 1-2016)

PRIMEIRA. OBXECTO DO ACORDO MARCO.

É obxecto deste procedemento a celebración dun contrato de subministración instrumentalizado como acordo marco, para a entrega de forma sucesiva e por prezo unitario de áridos reciclados (LOTE 1), de zahorra (LOTE 2) e de gravilla para regos (LOTE 3) para levar a cabo as obras de mantemento dos viais de titularidade municipal e do transporte do dito material aos puntos indicados, todo isto segundo as características sinaladas nos pregos de condicións técnicas elaboradas polo enxeñeiro municipal.

CPV 14212000-0 Gránulos, gravilla, polvo de pedra, guixarros, grava, pedras partidas e machacadas, mesturas de pedra, mesturas area-grava e demais agregados

Este contrato consta de TRES LOTES, podendo presentarse ofertas a un deles, a dous ou á totalidade do contrato:

LOTE 1.- SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDO RECICLADO


LOTE 2.- SUBMINISTRACIÓN DE ZAHORRA

LOTE 3.- SUBMINISTRACIÓN DE GRAVILLA PARA REGOS

Con este contrato satisfácese e necesidade de dotar á Brigada da Zona Rural de material para realizar os traballos de mantemento e conservación das pistas de titularidade municipal.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Os contratos obxecto do acordo marco cualifícanse como contratos administrativos de subministración recollidos e regulados no artigo 9.3.a) do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), e que ten por obxecto a subministración de forma sucesiva e por prezo unitario de áridos reciclados (LOTE 1), de zahorra (LOTE 2) e de gravilla para regos (LOTE 3) para levar a cabo as obras de mantemento dos viais de titularidade municipal e do transporte do dito material aos puntos indicados. A subministración do material axustarase ás características sinaladas nos pregos de prescricións técnicas sen que o número total de unidades (toneladas) estea definido con exactitude ó tempo de celebrar o



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

acordo marco por estar subordinadas as entregas ás necesidades do Concello de Lugo.

Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995 do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites, e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten, respecto o acordo marco e os correspondentes contratos, as prerrogativas de interpretalos, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. DURACIÓN DO ACORDO MARCO.

O acordo marco terá unha vixencia de UN ANO dende a data de formalización podendo prorrogarse por un período máximo anual máis por acordo expreso do órgano de contratación ata un máximo de DOUS ANOS en total incluídas as prórrogas.

CUARTA. VALOR ESTIMADO. ORZAMENTO.

4.1.- O valor estimado do contrato para a totalidade TRES lotes tendo en conta a prórroga prevista é de **185.123,96 euros** IVE excluído.

4.2.- O orzamento total de cada lote é o seguinte:

LOTE 1.- SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDO RECICLADO.

A cantidade anual a subministrar de árido reciclado estimase en **1.000 toneladas** sen que o concello teña a obriga de levar a efecto unha determinada contía da subministración, de conformidade co artigo 9.3.a) do TRLCSP.

O **prezo unitario máximo** por tonelada (€/T) e por transporte son os seguintes:

- Árido reciclado RC 40-80: 6,40 €/T máis o IVE (21%) –1,34 €, resultando un total de 7,74 €/T.
- Árido reciclado RC 10-40: 6,80 €/T máis o IVE (21%) – 1,43 €, resultando un total de 8,23 €/T.



- Transporte dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no Parque da milagrosa (Frigsa): 3,00 €/T máis o IVE (21%) – 0,63 €, resultando un total de 3,63 €/T.
- Transporte dende o Parque de A Milagrosa ata as obras: 0,11 €/km/T máis o IVE (21%) – 0,02 €, resultando un total de 1,13 €/km/T.

Non obstante o prezo unitario para cada tipo de árido e para o transporte será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

En consecuencia, **o orzamento máximo PARA O LOTE 1 para a primeira anualidade ascende a 9.917,36 euros máis o IVE (21%) – 2.082,64 €, resultando un orzamento máximo de 12.000 IVE incluído.**

Esta cantidade indícase unicamente a efectos de estimación máxima de gasto e publicidade do procedemento, sen que supoña en ningún momento un compromiso de gasto por parte do Concello de Lugo.

LOTE 2.- SUBMINISTRACIÓN DE ZAHORRA.

A cantidade anual a subministrar de zahorra estimase en **4.200 toneladas** sen que o concello teña a obriga de levar a efecto unha determinada contía da subministración, de conformidade co artigo 9.3.a) do TRLCSP.

O **prezo unitario máximo** por tonelada (€/T) e por transporte son os seguintes:

- Zahorra ZA 0/32: 6,50 €/T máis o IVE (21%) – 1,37 €, resultando un total de 7,87 €/T.
- Transporte dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no Parque da milagrosa (Frigsa): 3,00 €/T máis o IVE (21%) – 0,63 €, resultando un total de 3,63 €/T.
- Transporte dende o Parque de A Milagrosa ata as obras: 0,11 €/km/T máis o IVE (21%) – 0,02 €, resultando un total de 1,13 €/km/T.

Non obstante o prezo unitario para a zahorra e para o transporte será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

En consecuencia, **o orzamento máximo PARA O LOTE 1 para a primeira anualidade ascende a 41.322,31 euros máis o IVE (21%) – 8.677,69 €, resultando un orzamento máximo de 50.000 IVE incluído.**


Esta cantidade indícase unicamente a efectos de estimación máxima de gasto e publicidade do procedemento, sen que supoña en ningún momento un compromiso de gasto por parte do Concello de Lugo.

LOTE 3.- SUBMINISTRACIÓN DE GRAVILLA PARA REGOS.

A cantidade anual a subministrar de gravilla estimase en **4.300 toneladas** sen que o concello teña a obriga de levar a efecto unha determinada contía da subministración, de conformidade co artigo 9.3.a) do TRLCSP.

O **prezo unitario máximo** por tonelada (€/T) e por transporte son os seguintes:

- Gravilla (3/6; 6/12; 11/22) e Grava (20/40): 6,50 €/T máis o IVE (21%) – 1,37 €, resultando un total de 7,87 €/T.
- Transporte dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no Parque da milagrosa (Frigsa)::3,00 €/T máis o IVE (21%) – 0,63 €, resultando un total de 3,63 €/T.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

- Transporte dende o Parque de A Milagrosa ata as obras: 0,11 €/km/T máis o IVE (21%) – 0,02 €, resultando un total de 1,13 €/km/T.

Non obstante o prezo unitario para a gravilla e para o transporte será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

En consecuencia, **o orzamento máximo PARA O LOTE 2 para a primeira anualidade ascende a 41.322,31 euros máis o IVE (21%) – 8.677,69 €, resultando un orzamento máximo de 50.000 IVE incluído.**

Esta cantidade indícase unicamente a efectos de estimación máxima de gasto e publicidade do procedemento, sen que supoña en ningún momento un compromiso de gasto por parte do Concello de Lugo.

No suposto de que, con motivo da baixa nos prezos unitarios dos bens a subministrar ofertado polo adxudicatario, se producise un aforro respecto ó orzamento de licitación, o importe do dito aforro poderá ser destinado a incrementar o número de unidades a subministrar ata igualar o correspondente orzamento de licitación.

4.3.- Faise constar a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 45910.21000 do vixente orzamento xeral de 2016 por importe de 12.000 euros para o LOTE 1 (RC 1493/16), por importe de 50.000 euros para o LOTE 2 (RC 1638/16) e por importe de 50.000 euros para o LOTE 3 (RC 1639/16)

De conformidade co artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o crédito correspondente á cobertura de obrigas que, de ser o caso, se devenguen no exercicio 2017 e sucesivas prórrogas queda condicionado á adopción do compromiso de habilitación de crédito para os ditos orzamentos polo órgano competente.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto** previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursoas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e



deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira poderá acreditarse mediante algún dos seguinte medios:

- Para o LOTE 1 (ÁRIDO RECICLADO).

Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volumen de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 14.500 euros IVE excluído.**

Para a acreditación deste volumen anual de negocios achegaranse as contas anuais do ano de maior volumen de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercizo se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para isto e da súa presentación no Rexistro.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volumen anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.


- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos** ao peche do último exercizo económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais **por importe superior á unidade.** Non obstante as sociedades deberán superar o importe establecido na lexislación mercantil para non incorrer en causa de disolución.

- Para o LOTE 2 (ZAHORRA).

Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volumen de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 61.500 euros IVE excluído.**

Para a acreditación deste volumen anual de negocios achegaranse as contas anuais do ano de maior volumen de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercizo se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para isto e da súa presentación no Rexistro.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volumen anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos** ao peche do último exercizo económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais **por importe superior á unidade**. Non obstante as sociedades deberán superar o importe establecido na lexislación mercantil para non incorrer en causa de disolución.

- Para o LOTE 3 (GRAVILLA PARA REGOS).

Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volume de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 61.500 euros IVE excluído**.

Para a acreditación deste volumen anual de negocios achegaranse as contas anuais do ano de maior volumen de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercizo se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para esto e da súa presentación no Rexistro.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volumen anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos** ao peche do último exercizo económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais **por importe superior á unidade**. Non obstante as sociedades deberán superar o importe establecido na lexislación mercantil para non incorrer en causa de disolución.

En caso de concorrer a máis de un lote deberá acreditarse o importe da suma do volumen anual de negocios esixida para a totalidade dos lotes aos que licita.

6.2 .- A solvenza técnica deberá ser xustificada do seguinte xeito:

- Para o LOTE 1 (ÁRIDO RECICLADO).

Mediante a acreditación de experiencia na realización de subministracións de características similares a este contrato (áridos) por un importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros cinco anos que sexa igual ou superior a **6.500 euros IVE excluído**.

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva das subministracións realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización. Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

- Para o LOTE 2 (ZAHORRA).

Mediante a acreditación de experiencia na realización de subministracións de características similares a este contrato (zahorra) por un importe anual acumulado



no ano de maior execución durante os derradeiros cinco anos que sexa igual ou superior a **28.500 euros IVE excluído**.

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva das subministracións realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización. Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

- Para o LOTE 3 (GRAVILLA PARA REGOS).

Mediante a acreditación de experiencia na realización de subministracións de características similares a este contrato (gravilla/grava) por un importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros cinco anos que sexa igual ou superior a **28.500 euros IVE excluído**.

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva das subministracións realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización. Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.


SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal)

O prazo de presentación de proposicións será de **quince días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súas proposicións en DOUS sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA) e sobre B (OFERTA ECONÓMICA).

En tódolos sobres identificarase claramente OS LOTES AOS QUE SE PRESENTA así como o número de expediente (EXPT. REF. 1-2016)

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincida en sábado ou festivo prorrogase o seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OFERTA ECONÓMICA.

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.



2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios/as do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (10,20 euros aprox.).

3.- Declaración responsable (conforme modelo do ANEXO III) do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.


Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da **alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar -no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado- a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio.

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída nos sobres B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.

O sobre B, OFERTA ECONÓMICA, conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con enderezo en e DNI número....., expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF número,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS RECICLADOS (LOTE 1), DE ZAHORRA (LOTE 2) E DE GRAVILLA PARA REGOS (LOTE 3) MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDEMENTO ABERTO- 2016 (EXP. REF. 1-2016).**


b) Que me comprometo a executar a subministración que se derive do acordo marco de conformidade cos seguintes prezos unitarios máximos que se indican:

LOTE 1. SUBMINISTRACIÓN ÁRIDOS RECICLADOS.

- Árido reciclado RC 40-80euros/tonelada máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/T IVE incluído.
- Árido reciclado RC 10-40.....euros/tonelada máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/T IVE incluído.
- Transporte dende canteira ata Parque Milagrosa euros/tonelada máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/T IVE incluído.
- Transporte dende o Parque de A Milagrosa ata as obras: euros/km/T máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/km/T IVE incluído.

LOTE 2 SUBMINISTRACIÓN DE ZAHORRA.

- Zahorra ZA 0/32.....euros/tonelada máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/T IVE incluído.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

- Transporte dende canteira ata Parque Milagrosa euros/tonelada máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/T IVE incluído.
- Transporte dende o Parque de A Milagrosa ata as obras: euros/km/T máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/km/T IVE incluído.

LOTE 3 SUBMINISTRACIÓN DE GRAVILLA PARA REGOS.

- Gravilla 3/6: euros/tonelada máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/T IVE incluído.
- Gravilla 6/12:euros/tonelada máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/T IVE incluído.
- Gravilla 11/22:euros/tonelada máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/T IVE incluído.
- Gravilla 20/40: euros/tonelada máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/T IVE incluído.
- Transporte dende canteira ata Parque Milagrosa euros/tonelada máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/T IVE incluído.
- Transporte dende o Parque de A Milagrosa ata as obras: euros/km/T máis o IVE (21%).....resultando un total ofertado de€/km/T IVE incluído.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello ou funcionario/a do servizo que o substitúa.

VOCAIS:

- Un enxeñeiro da Área de Deportes e Infraestructuras Urbanas ou persoal do servizo que a substitúa.

- O Secretario Xeral do Pleno ou funcionario/a que o substitúa.

- A titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretario) ou funcionario/a que a substitúa.

- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa.

- O titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que o substitúa.

SECRETARIO: Técnico/a do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

O acto público de apertura dos sobres B celebrarase ao segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura

realizarse ao seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ao sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Os criterios de adxudicación para a selección da empresa adxudicataria serán exclusivamente a **Oferta Económica**.

LOTE 1.- SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDO RECICLADO.

Para a valoración da oferta económica de cada ofertante, aplicaranse os seguintes coeficientes a cada un dos prezos unitarios:

- Árido reciclado RC 40-80: **0,50**
- Árido reciclado RC 10-40: **0,50**
- Transporte ata o Parque de Milagrosa: **1**
- Transporte ata a obra: **1**

A suma dos catro prezos (suma dos prezos dos áridos, prezo de transporte ao Parque de a Milagrosa e prezo de transporte á obra) obtidos de multiplicar o prezo unitario ofertado polo coeficiente indicado para cada prezo, é o valor da oferta económica única ponderada.

$(0,50 \times \text{Prezo 1 T Árido reciclado RC 40-80}) + (0,50 \times \text{Prezo 1 T Árido reciclado RC 10-40}) + (\text{Transporte 1 T a Parque da Milagrosa}) + (\text{Transporte 1 Tm a obra situada a 1 km do Parque da Milagrosa})$.

Obterá a máxima puntuación (10 puntos) o que presente a oferta económica única ponderada de menor importe. Obterá 0 puntos os que oferten o prezo de licitación ponderado (9,71 euros/T IVE excluído) e o resto de ofertas de xeito proporcional.

A valoración das ofertas realizarase sen ter en conta o IVE aplicable.

LOTE 2.- SUBMINISTRACIÓN DE ZAHORRA.

Para a valoración da oferta económica de cada ofertante, aplicaranse os seguintes coeficientes a cada un dos prezos unitarios:

- Zahorra ZA 0/32: **1**
- Transporte ata o Parque de Milagrosa: **1**
- Transporte ata a obra: **1**

A suma dos tres prezos (suma do prezo da zahorra, prezo de transporte ao Parque de a Milagrosa e prezo de transporte á obra) obtidos de multiplicar o prezo unitario ofertado polo coeficiente indicado para cada prezo, é o valor da oferta económica única ponderada.

$(\text{Prezo 1 T Zahorra ZA 0/32}) + (\text{Transporte 1 T a Parque da Milagrosa}) + (\text{Transporte 1 T a obra situada a 1 km do Parque da Milagrosa})$.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

Obterá a máxima puntuación (10 puntos) o que presente a oferta económica única ponderada de menor importe. Obterá 0 puntos os que oferten o prezo de licitación ponderado (9,61 euros/T IVE excluído) e o resto de ofertas de xeito proporcional.

A valoración das ofertas realizarase sen ter en conta o IVE aplicable.

LOTE 3.- SUBMINISTRACIÓN DE GRAVILLA PARA REGOS.

Para a valoración da oferta económica de cada ofertante, aplicaranse os seguintes coeficientes a cada un dos prezos unitarios:

- Gravilla 3/6: **0,45**
- Gravilla 6/1: **0,45**
- Gravilla 11/22: **0,05**
- Gravilla 20/40: **0,05**
- Transporte ata o Parque de Milagrosa: **1**
- Transporte ata a obra: **1**

A suma dos seis prezos (suma dos prezos das gravillas, prezo de transporte ao Parque de a Milagrosa e prezo de transporte á obra) obtidos de multiplicar o prezo unitario ofertado polo coeficiente indicado para cada prezo, é o valor da oferta económica única ponderada.

$(0,45 \times \text{Prezo 1 T Gravilla 3/6}) + (0,45 \times \text{Prezo 1 T Gravilla 6/1}) + (0,05 \times \text{Prezo 1 T Gravilla 11/22}) + (0,05 \times \text{Prezo 1 Tm Gravilla 20/40}) + (\text{Transporte 1 Tm a Parque da Milagrosa}) + (\text{Transporte 1 T a obra situada a 1 km do Parque da Milagrosa})$.

Obterá a máxima puntuación (10 puntos) o que presente a oferta económica única ponderada de menor importe. Obterá 0 puntos os que oferten o prezo de licitación ponderado (9,61 euros/T IVE excluído) e o resto de ofertas de xeito proporcional.

A valoración das ofertas realizarase sen ter en conta o IVE aplicable.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO.

A adxudicación do acordo marco será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o acordo marco dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do acordo marco



O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do acordo marco así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO ACORDO MARCO.

A formalización do acordo marco en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Antes da formalización do acordo marco a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

No caso de que o acordo marco fose adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán acreditar a súa constitución en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o acordo marco dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houbera esixido.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO ACORDO MARCO. FACULTADES DO CONCELLO DE LUGO. CONDICIÓN ESENCIAL DE EXECUCIÓN.


1.-De conformidade co artigo 198 os contratos baseados no acordo marco adxudicaranse segundo os termos neste prego. O órgano de contratación poderá consultar por escrito ó empresario, pedíndolle, se fose necesario, que complete a súa oferta. Así mesmo e dado que os prezos unitarios do acordo marco terán carácter de máximos, estes poderán ser mellorados á baixa en función da consulta por escrito que se faga ó contratista.

En todo caso, o adxudicatario deberá comunicar ó responsable do acordo marco calquera oferta singularizada ou campaña que proxecte realizar e que mellore a calidade do produto ou do prezo, sexa para o sector público ou para o sector privado, e que resultará directamente aplicable ós pedidos efectuados polo concello de Lugo.

2.- Dado que os termos e condicións da subministración están perfectamente definidas no prego de prescricións técnicas, para a execución do acordo marco bastará que o responsable do contrato solicite, a medida que aparezan as necesidades de adquisición do produto e mediante a remisión dunha folla de pedido, a subministración dos produtos nas cantidades necesarias.

As ofertas da empresa deberán presentarse no prazo máximo de cinco días hábiles e concretarán os prezos unitarios e, se é o caso, as reducións ou descontos que procedan conforme o apartado anterior.

Recibida a oferta, o órgano de contratación adxudicará o contrato conforme o modelo que figura no **Anexo IV** destes pregos e o notificará ó contratista.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

3.- Os traballos que se deriven deste acordo marco e contratos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste, dera ó contratista o responsable do acordo marco (o funcionario responsable da zona rural), a cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

4. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

5. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

6.- Os produtos subministrados deberán cumprir coas especificacións establecidas nos prego de prescricións técnicas así como calquera outra que esixa a normativa en cada momento.

A tal efecto e de conformidade co artigo 295 do TRLCSP a Administración terá a facultade de inspeccionar ou ser informada do proceso de fabricación e elaboración do produto que deba entregarse, podendo realizar análises, ensaios ou probas dos materiais. Os gastos destes análises correrán a conta do contratista.

7. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP.

A los efectos del artículo 223.h) del TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución deste contrato poderá dar lugar á resolución deste contrato.

De conformidade co artigo 228 bis do TRLCSP o Concello de Lugo poderá comprobar o estricto cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia o contratista está obrigado a pagar ós subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos legalmente establecidos e xustificar esta circunstancia ó Concello de Lugo cando así se requira.

Esta obriga ten a consideración de **condición esencial de execución** e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas neste prezo así como á resolución do contrato de conformidade co artículo 223.h) del TRLCSP.

DÉCIMO SEXTA.- LUGAR E PRAZO DE ENTREGA.

A entrega do produto solicitado se realizará no **prazo máximo de 24 horas** dende a solicitude do material e realizarase no dito punto de subministración (que poderá ser nas instalacións municipais do Parque de a Milagrosa (FRIGSA) ou na propia obra que estará a un máximo de un quilómetro dende o parque de A Milagrosa. A tal efecto o responsable municipal solicitará ó responsable da empresa contratista

18

cunha antelación mínima de 24 horas a necesidade de proceder á subministración e o día, hora e lugar para realizar o subministración.

A mora do adxudicatario non precisará de previa intimación por parte do Concello.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.

No momento da entrega levantarase a correspondente acta de recepción. Se os bens non estivesen en estado de ser recibidos farase constar así na acta e daranse as instrucións oportunas ó contratista para que subsane os defectos observados ou se proceda a un novo subministro de conformidade co pactado no prazo máximo de 24 horas.

Establecese un prazo mínimo de garantía de UN ANO contados a partir da data de aplicación do produto. Durante este prazo o adxudicatario está obrigado a substituír, corrixir ou reparar os elementos que presenten defectos de fabricación, instalación ou funcionamento.

DÉCIMO SÉTIMA.- GASTOS.

Os gastos derivados da contratación e da formalización do acordo marco (300 euros aproximadamente) serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrase, así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de todos os xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes.

- O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sigilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate, e sempre que sexa requirida, a seguinte documentación

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levarlos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación cando sexa requirida con carácter previo, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

Os efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no escusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.



DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ó prego de condicións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no LCSP e calquera outra normativa aplicable.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

VIXÉSIMA.- PENALIDADES

O Concello de Lugo poderá impoñer penalidades ó contratista polo **incumprimento dos prazos de entrega** establecidos na cláusula quinta dos pregos de prescricións técnicas de cada lote así como na cláusula décimo cuarta deste prego de cláusulas administrativas. Tamén poderán impoñerse penalidades polo incumprimento das obrigas e condicións establecidas nos pregos de prescricións técnicas.

Asimesmo tamén poderán impoñerse penalidades polo incumprimento da condición esencial de execución ou da obriga contractual esencial establecidas nas cláusulas décimo quinta e décimo oitava destes pregos.


Como regra xeral, a contía destas penalidades será un 1% do presuposto máximo anual do contrato (IVE incluído) á vista do prezo unitario ofertado agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos. As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais unha vez comprobadas e aprobadas polo órgano competente.

As facturas deberán ser comprobadas e conformadas polo/a responsable do contrato, o Concelleiro Delegado da Área de Zona Rural e Deportes e maila



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

Concelleiro/a delegado/a da área de economía, emprego e desenvolvemento económico.

Se as facturas son de importe igual ou inferior a 5.000 euros poderá presentarse en formato papel ante un rexistro administrativo dos sinalados na Lei 30/1992 no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo e dirixidos ó Excmo. Concello de Lugo.

Se a factura é de importe superior a 5.000 euros estas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo

Órgano Xestor: LA0005486- Medio Rural

Unidade Tramitadora: LA0005552. Zona Rural

Para proceder ó pagamento das facturas correspondentes estas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo.

O pagamento deberán ser conformadas polo responsable municipal e concelleiros responsables e aprobadas. Unha vez aprobadas polo órgano competente serán abonadas no prazo máximo de trinta días.

O órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é o órgano de xestión económico-financeira do Concello de Lugo é a Tesourería Municipal.

VIXÉSIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecidas nos pregos de prescricións técnicas así como por incumprimento dos prazos de entrega

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f), considéranse **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato as obrigas e condicións esenciais sinaladas na cláusula **décimo quinta e décimo oitava** deste prego. Asimesmo poderá dar lugar á resolución do contrato a reiterada obstrución ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de



alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva

VIXÉSIMO TERCEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.


A N E X O I

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

ESPECIALIDADES CONTRATADAS:	
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:	

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE SE REALIZOU A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**

* Xuntar a acta de Constitución.

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

DNI

FIRMA:

DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS RECICLADOS (LOTE 1), DE ZAHORRA (LOTE 2) E DE GRAVILLA PARA REGOS (LOTE 3) MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDIMENTO ABERTO- 2016**

declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data

....., manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2016

Asdo.:

ANEXO III
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS RECICLADOS (LOTE 1), DE ZAHORRA (LOTE 2) E DE GRAVILLA PARA REGOS (LOTE 3) MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDIMENTO ABERTO- 2016 declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.


Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

ANEXO IV

DECRETO NÚMERO.....

Don-----, Tenente de Alcalde delegado da Área de

Lugo, o -----

Instruído o expediente relativo a: DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS RECICLADOS (LOTE 1), DE ZAHORRA (LOTE 2) E DE GRAVILLA PARA REGOS (LOTE 3) MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDEMENTO ABERTO- 2016 ASINADO EN DATA

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Que en datafoi asinado coa empresa..... o acordo marco para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS RECICLADOS (LOTE 1), DE ZAHORRA (LOTE 2) E DE GRAVILLA PARA REGOS (LOTE 3) MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDEMENTO ABERTO- 2016**

2.- Que en data foi efectuado un pedido para subministración de..... T de ARIDO RECICLADO/ ZAHORRA/GRAVILLA tipo

3.- Que en data remítese oferta pola empresa indicando un prezo unitario deeuros T máiseuros en concepto de IVE, sendo o prezo unitario total de Euros.

No uso das atribucións conferida ó Tenente de Alcalde Delegado da Área de Zona Rural e Deportes **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aproba-la contratación da subministración deT de tipo por un prezo unitario deeuros/T máiseuros en concepto de IVE, sendo o prezo unitario total de Euros. O gasto total ascende aeuros IVE incluído correspondentes á súa execución, con cargo á partidado vixente Orzamento municipal.

SEGUNDO.- Adxudica-lo referido contrato á empresa

TERCEIRO.- Este contrato rexerese polos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares reguladoras da subministración mediante lotes de áridos reciclados (lote 1), de zahorra (lote 2) e de gravilla para regos (lote 3) mediante acordo marco con procedemento aberto- 2016 (EXP. 1-2016) aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTO.- Notifíqueselle a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer-se os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer-se o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do

26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Así mesmo, déase traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.”

2. “PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDO RECICLADO (LOTE 1)”

ANTECEDENTES.

A obriga de mantemento e conservación das pistas de titularidade municipal e das condicións de seguridade vial na circulación correspóndelle ao Concello de Lugo. A Brigada da Zona Rural do Concello efectúa ditos traballos. En algunhas ocasións, é necesario levar a cabo recheos con áridos reciclados.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato consiste na adquisición de áridos reciclados para levar a cabo os traballos de mantemento das vías municipais.

SEGUNDA. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.

Todos os materiais e produtos, incluídos neste prego de prescricións técnicas cumpriran a normativa aplicable e dispondrán de documentación que o acredite. As súas características axustaranse á normativa vixente, especialmente ao “Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para obras de carreteras y puentes, PG-3”. Os dous tipos de árido reciclado a empregar serán RC 40-80 e RC 10-40. Admitiranse husos granulométricos similares nos que a diferenza con respecto aos indicados non exceda dun 25%.

O responsable do contrato poderá solicitar mostras dos materiais a empregar e os seus certificados de calidade, ensaios e probas de laboratorio. En caso de que os materiais a empregar non cumpran as condicións esixidas, poderanse rechazar, retirar ou solicitar o seu reempazo, aínda que foran servidos previamente.


TERCEIRO. PREZOS UNITARIOS A OFERTAR.

Os ofertantes deberán indicar os seguintes prezos unitarios:

- Árido reciclado RC 40-80** (€ / T). Prezo de árido reciclado 40-80 cargado no camión na canteira.
- Árido reciclado RC 10-40** (€ / T). Prezo de árido reciclado 40-80 cargado no camión na canteira.
- Transporte** (€ / T), dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no **Parque da Milagrosa** (Frigsa).
- Transporte** (€ / km / T), dende o Parque da Milagrosa ata o punto do Concello de Lugo no que sexa necesario, para a realización dos traballos de mantemento das pistas.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO.

Fixase como orzamento máximo do gasto de contrato a cantidade de **12.000 euros** (IVE incluído). Estímase un suministro total dunhas 1.000 T de material, que



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

aproximadamente poderíanse repartir do seguinte xeito:

- Árido reciclado RC 40-80: 50%.
- Árido reciclado RC 10-40: 50%.

O volumen total de gasto virá determinado polos pedidos concretos realizados polo Concello de Lugo en función das súas necesidades durante a vixencia do contrato. Aplicaranse os prezos unitario ofertados.

Os prezos aproximados, sen IVE, que se estiman a partir de suministros anteriores, son os seguintes:

- Árido reciclado RC 40-80: **6,40 € / T.**
- Árido reciclado RC 10-40: **6,80 € / T.**
- Transporte dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no Parque da Milagrosa (Frigsa): **3,00 €/T.**
- Transporte dende o Parque da Milagrosa ata as obras: **0,11 € / km / T.**

QUINTA. PRAZO DE SUMINISTRO.

Realizarase nun prazo máximo de 24 horas unha vez solicitado o material.

SEXTA. LUGAR DE SUMINISTRO.

O suministro dos áridos reciclados realizarase ou ben nas instalacións municipais do Parque da Milagrosa (Frigsa), ou ben no punto do Concello de Lugo onde sexa necesario para a realización dos traballos de mantemento. Aplicaranse os prezos unitario do transporte segundo corresponda en cada caso.

SÉPTIMA. GARANTÍAS.

As garantías rexiranse polo disposto no Título IV (capítulos 95 a 103) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por R.D. 3/2011, ou ben pola norma que o substitúa.

OCTAVA. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

Solicitaranse, a xuízo do Servizo de Enxeñería, os ensaios que se estimen pertinentes.

Os gastos correrán por conta do adxudicatario do contrato.

Se dos resultados dos ensaios dunha carga se deducise que que as características do material suministrado son diferentes ás especificadas na normativa vixente, a Administración non pagará dita carga.

NOVENA. RESPONSABLE DO CONTRATO.

O responsable do contrato será un enxeñeiro do Servizo de Enxeñería.

DÉCIMA. DURACIÓN DO CONTRATO.

Estímase un prazo dun ano, prorrogable outro ano máis.

UNDÉCIMA. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto son os seguintes:

- **Oferta Económica:** considerarase a oferta co mellor prezo, sendo éste a suma do material, o transporte a Frigsa, e o transporte a obra nunha distancia de 1km.”

3. “PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ZAHORRA (LOTE 2)”

ANTECEDENTES.

A obriga de mantemento e conservación das pistas de titularidade municipal e das condicións de seguridade vial na circulación correspóndelle ao Concello de Lugo. A Brigada da Zona Rural do Concello efectúa ditos traballos. En moitas ocasións, é necesario levar a cabo recheos e estendidos de zahorra.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato consiste na adquisición de zahorra para levar a cabo os traballos de mantemento das vías municipais.

SEGUNDA. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.

Todos os materiais e produtos, incluídos neste prego de prescricións técnicas cumpriran a normativa aplicable e dispondrán de documentación que o acredite. As súas características axustaranse á normativa vixente, especialmente no referido ao artigo 510, “Zahorras” do “Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para obras de carreteras y puentes, PG-3”, segundo redacción dada na Orden FOM / 2523 / 2014.

O tipo de zahorra será **ZA 0/32**, segundo huso granulométrico definido na táboa 510.4. Admitiranse husos granulométricos similares nos que a diferenza con respecto aos indicados non exceda dun 25%.

Unicamente poderá empregarse material procedente de canteiras de caliza ou cuarcita, sometido a lavado para limitar o contido de finos.

O responsable do contrato poderá solicitar mostras dos materiais a empregar e os seus certificados de calidade, ensaios e probas de laboratorio. En caso de que os materias a empregar non cumpran as condicións esixidas, poderanse rechazar, retirar ou solicitar o seu reempazo, aínda que foran servidos previamente.


TERCEIRO. PREZOS UNITARIOS A OFERTAR.

Os ofertantes deberán indicar os seguintes prezos unitarios:

- Zahorra ZA 0/32** (€ / T). Prezo de zahorra cargada no camián na canteira.
- Transporte** (€ / T), dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no **Parque da Milagrosa** (Frigsa).
- Transporte** (€ / km / T), dende o Parque da Milagrosa ata o punto do Concello de Lugo no que sexa necesario, para a realización dos traballos de mantemento das pistas.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO.

Fixase como orzamento máximo do gasto de contrato a cantidade de **50.000 euros** (IVE incluído). Estímase un suministro total dunhas 4.200 T de material.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

O volumen total de gasto virá determinado polos pedidos concretos realizados polo Concello de Lugo en función das súas necesidades durante a vixencia do contrato. Aplicaranse os prezos unitario ofertados.

Os prezos aproximados, sen IVE, que se estiman a partir de suministros anteriores, son os seguintes:

- Zahora ZA 0/32: **6,50 € / T.**
- Transporte dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no Parque da Milagrosa (Frigsa): **3,00 €/T.**
- Transporte** dende o Parque da Milagrosa ata as obras: **0,11 € / km / T.**

QUINTA. PRAZO DE SUMINISTRO.

Realizarase nun prazo máximo de 24 horas unha vez solicitado o material.

SEXTA. LUGAR DE SUMINISTRO.

O suministro da zahorra realizarase ou ben nas instalacións municipais do Parque da Milagrosa (Frigsa), ou ben no punto do Concello de Lugo onde sexa necesario para a realización dos traballos de mantemento. Aplicaranse os prezos unitario do transporte segundo corresponda en cada caso.

SÉPTIMA. GARANTÍAS

As garantías rexiranse polo disposto no Título IV (capítulos 95 a 103) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por R.D. 3/2011, ou ben pola norma que o substitúa.

OCTAVA. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

Solicitaranse, a xuízo do Servizo de Enxeñería, os ensaios que se estimen pertinentes.

Os gastos correrán por conta do adxudicatario do contrato.

Se dos resultados dos ensaios dunha carga se deducise que as características do material suministrado son diferentes ás especificadas na normativa vixente, a Administración non pagará dita carga.

NOVENA. RESPONSABLE DO CONTRATO.

O responsable do contrato será un enxeñeiro do Servizo de Enxeñería.

DÉCIMA. DURACIÓN DO CONTRATO.

Estímase un prazo dun ano, prorrogable outro ano máis.

UNDÉCIMA. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto son os seguintes:

- **Oferta Económica:** considerarase a oferta co mellor prezo, sendo éste a suma do material, o transporte a Frigsa, e o transporte a obra nunha distancia de 1km."

4. "PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GRAVILLA PARA REGOS (LOTE 3)

30



ANTECEDENTES.

A obriga de mantemento e conservación das pistas de titularidade municipal e das condicións de seguridade vial na circulación correspóndelle ao Concello de Lugo. A Brigada da Zona Rural do Concello efectúa ditos traballos. En moitas ocasións, é necesario levar a cabo tratamentos superficiais mediante regos con gravilla.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato consiste na adquisición de **gravilla lavada** para levar a cabo os tratamentos superficiais mediante regos con gravilla.

SEGUNDA. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.

Todos os materiais e produtos, incluídos neste prego de prescricións técnicas cumpriran a normativa aplicable e dispondrán de documentación que o acredite. As súas características axustaranse á normativa vixente, especialmente no referido ao artigo 533, "Tratamentos superficiais mediante regos con gravilla" do "Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para obras de carreteras y puentes, PG-3", segundo redacción dada na O.C. 297/1988.

Unicamente poderá empregarse material procedente de canteiras de caliza ou cuarcita, sometido a lavado para limitar o contido de finos.

O responsable do contrato poderá solicitar mostras dos materiais a empregar e os seus certificados de calidade, ensaios e probas de laboratorio. En caso de que os materias a empregar non cumpran as condicións esixidas, poderanse rechazar, retirar ou solicitar o seu reempazo, aínda que foran servidos previamente.

TERCEIRO. PREZOS UNITARIOS A OFERTAR.

Os ofertantes deberán indicar os seguintes prezos unitarios:
Gravilla (€ / T). Prezo de áridos cargados no camión na canteira, dos seguintes tipos:

- Gravilla 3/6 (admitiranse variacións nos husos de +/- 1mm).
- Gravilla 6/12 (admitiranse variacións nos husos de +/- 2mm).
- Gravilla 11/22 (admitiranse variacións nos husos de +/- 4mm).
- Grava 20/40 (admitiranse variacións nos husos de +/- 8mm).
- Transporte (€ / T), dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no Parque da Milagrosa (Frigsa).
- Transporte (€ / km / T), dende o Parque da Milagrosa ata o punto do Concello de Lugo no que sexa necesario, para a realización dos traballos de mantemento das pistas.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO.

Fíxase como orzamento máximo do gasto de contrato a cantidade de **50.000 euros** (IVE incluído). Estímase un suministro total dunhas 4.300 T de material, que aproximadamente poderíase repartir do seguinte xeito:

- Gravilla 3/6: 45%.
- Gravilla 6/12: 45%.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x100130131

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2016

Gravilla 11/22: 5%.

Grava 20/40: 5%.

O volumen total de gasto virá determinado polos pedidos concretos realizados polo Concello de Lugo en función das súas necesidades durante a vixencia do contrato.

Aplicaranse os prezos unitario ofertados.

Os prezos aproximados, sen IVE, que se estiman a partir de suministros anteriores, son os seguintes:

Gravilla: **6,50 € / T.**

Transporte dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no Parque da Milagrosa (Frigsa): **3,00 €/T.**

Transporte dende o Parque da Milagrosa ata as obras: **0,11 € / km / T.**

QUINTA. PRAZO DE SUMINISTRO.

Realizarase nun prazo máximo de 24 horas unha vez solicitado o material.

SEXTA. LUGAR DE SUMINISTRO.

O suministro dos áridos realizarase ou ben nas instalacións municipais do Parque da Milagrosa (Frigsa), ou ben no punto do Concello de Lugo onde sexa necesario para a realización dos traballos de mantemento. Aplicaranse os prezos unitario do transporte segundo corresponda en cada caso.

SÉPTIMA. GARANTÍAS

As garantías rexiranse polo disposto no Título IV (capítulos 95 a 103) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por R.D. 3/2011, ou ben pola norma que o substitúa.

OCTAVA. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

Solicitaranse, a xuízo do Servizo de Enxeñería, os ensaios que se estimen pertinentes.

Os gastos correrán por conta do adxudicatario do contrato.

Se dos resultados dos ensaios dunha carga se deducise que as características do material suministrado son diferentes ás especificadas na normativa vixente, a Administración non pagará dita carga.

NOVENA. RESPONSABLE DO CONTRATO.

O responsable do contrato será un enxeñeiro do Servizo de Enxeñería.

DÉCIMA. DURACIÓN DO CONTRATO.

Estímase un prazo dun ano, prorrogable outro ano máis.

UNDÉCIMA. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto son os seguintes:

- **Oferta Económica:** considerarase a oferta co mellor prezo, sendo este a suma do material, o transporte a Frigsa, e o transporte a obra nunha distancia de 1km."



TERCEIRO.- Aprobar un gasto de 12.000 euros para o LOTE 1 (RC 1493/16), de 50.000 euros para o LOTE 2 (RC 1638/16) e de 50.000 euros para o LOTE 3 (RC 1639/16) con cargo á aplicación orzamentaria 45910.21000 do vixente orzamento xeral de 2016 e comprometerse a consignar crédito adecuado e suficiente para os gastos que se deriven no ano 2017 e seguintes.

CUARTO.- Aprobar a adjudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

SEXTO.- Delegar no Tenente de Alcalde Delegado da Área de Zona Rural e Deportes a adjudicación dos contratos derivados deste acordo marco.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.

